Praza Consistorio 1.
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600010DF

- NOTIFICACION COLECTIVA PROCESO DE SELECCIÓN DUN/UNHA EDUCADOR/A (GRUPO COTIZACIÓN 2), A XORNADA COMPELTA, PARA PRESTAR OS SEUS SERVIZOS NO PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL DO CONCELLO DE ARBO A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONTRATO DE INTERINIDADE POR BAIXA POR INCAPACIDADE DA TITULAR DO POSTO- (artigo 59.6 da Ley 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común).

Para xeral coñecemento publícase a Resolución da Alcaldía de data 15.07.16 coa seguinte literalidade:

"RESOLUCIÓN DE SELECCIÓN Nº 299/16

Vista a proposta da Comisión de Selección de data 05.01.15, relativa ó concurso para a contratación dun/unha educador/a para prestar os seus servizos no punto de atención infantil do Concello de Arbo a través da modalidade de contrato de interinidade durante a baixa por incapacidade da titular do posto Dª Rocio Carballo Vázquez, ao abeiro das Bases aprobadas pola mesma Resolución de Alcaldía nº 284/16 de 30.06.16.

Vistas a acta levantada pola Comisión de Selección tras a reunión celebrada o día 15 de xullo de 2016, así como a puntuación definitiva obtida polas candidatas.

Considerando que a tramitación do expediente axústase ós requisitos mínimos esixidos pola lexislación sobre a materia.

Pola presente, e de conformidade coas facultades conferidas á Alcaldía polo artigo 41.14 do R.D. 2568/1986 así como no artigo 21.1 h) da lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, **veño en resolver:**

1º.- En base ao resultado da acta da Comisión de Seleccion do día 15.07.16, declarar admitidas ás candidatas preseleccionadas polo Servizo de Emprego de A Cañiza para dita praza e outorgar a seguinte puntuación ás concursantes presentadas segundo valoración resultante da acta levantada pola Comisión de Selección en data 15.07.16:

(1) **Praza de Educador/a:**

NOME E APELIDOS	DNI	Situac. Persoal (Máx. 2 ptos)	Méritos Profesionais (máx. 4 ptos)	Formac. Profesional (máx. 3,5 ptos)	Acreditac. Coñecem. Galego (máx. 0,5 ptos)	PUNTUACIÓN TOTAL
Laura González Rodríguez	34.878.419-T	2	0	0	0,5	2,5
Jessica Álvarez Pérez	**53.193.594-E**	**2**	**1,20**	**0,95**	**0,5**	**4,65**
Raquel Pérez Gago	34.877.204-G	2	1,60	0,15	0,5	4,25
Mª Soledad Alonso Fernández	34.872.565-B	2	0	0	0	2

2º.- Xa que logo, **seleccionar** á seguinte candidata conforme á proposta da Comisión de Selección de 15.07.16:
-(1) Praza de Educadora: **Jessica Álvarez Pérez , con DNI núm. 53.193.594-E.**

3º.- De acordo coa base 7ª das de selección, configurar a seguinte **LISTAXE DE GARDA** cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde de puntuación acadada para o caso de renuncias, baixas ou substitucións en relación con esta contratación:

Nº de Orde	NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Raquel Pérez Gago	34.877.204-G	4,25
2	Laura González Rodríguez	34.878.419-T	2,5
3	Mª Soledad Alonso Fernández	34.872.565-B	2

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000 - Fax. 986665011
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

Concello de Arbo
CIF: P3600100F

4º.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello, conforme ao disposto no art. 59.6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, expresando o réxime de recursos que contra a mesma caiban."

***RECURSOS:** Contra este resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso contencioso-administrativo perante do Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses a contar dende o seguinte ao da súa notificación (Arts. 8 e 46 da Lei 29/1998).*
Non obstante e con carácter potestativo, poderá interpor con anterioridade recurso de reposición ante o propio órgano autor desta resolución no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación (art. 116 da Lei 30/92). Contra a resolución deste último recurso non poderá interporse de novo recurso de reposición. O recurso de reposición entenderase desestimado por silencio administrativo transcorrido 1 mes dende a súa presentación sen producirse notificación de resolución ao respecto (art. 117 da Lei 30/92).
Contra a desestimación do recurso de reposición poderá interpoñerse o devandito recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, de ser a desestimación do recurso expresa. Para o caso sinalado de entenderse desestimado por silencio administrativo, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de 6 meses e contarase a partir do día seguinte ao que se entendese desestimado por silencio (art. 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).
Todo elo sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que Vd. Estime máis procedente e sexa conforme a dereito.

En Arbo a 15.07.16
A Secretaria,

Patricia Hernández Estévez.